

Acta da Comisión Permanente do día 10 de xuño de 2019

Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 10/06/2019.
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 10/06/2019.
- III. Tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados para a súa defensa nesta vindeira convocatoria.

Ábrese a sesión, en segunda convocatoria, ás 13 horas e 2 minutos na Sala de Xuntas situada no módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, Dona Elena Alonso Prieto, e se tratan os seguintes puntos na orde do día:

1. **Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores, ordinaria celebrada o 9 de abril de 2019 e extraordinaria celebrada o 8 de maio de 2019.**

A Comisión Permanente aproba, por asentimento, as actas das sesións anteriores: ordinaria celebrada o 9 de abril de 2019 e extraordinaria celebrada o 8 de maio de 2019.

2. **Nomeamento, se procede, dos tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados para a súa defensa nesta vindeira convocatoria.**

A proposta (Anexo III) foi enviada previamente por email e xa está confirmada a dispoñibilidade de todos os compoñentes agás un deles.

Apróbase a proposta por asentimento.

3. **Nomeamento, se procede, de representantes de alumnado, persoas egresadas, PAS e empregadores nas comisións de modificación dos títulos de grao impartidos nesta Escola.**

A Directora lembra que, nesta primeira fase de elaboración da memoria inicial para a modificación das titulacións, as comisións estaban compostas por profesorado e que, como xa explicou na Xunta de Escola do 30 de maio, para a seguinte fase do proceso considérase convinte incluír nelas aos outros grupos de interese. Xa estaban ao tanto do proceso porque se lles pediron propostas na primeira fase. Tras conversacións coa Delegación de Alumnado e coas persoas egresadas que xa colaboraron enviando comentarios e suxestións, a Directora propón engadir os seguintes representantes ás comisións:

Alumnado:

- Grao en Enxeñaría da Enerxía: Daniel Pernas Rodríguez (suplente, Laura Andrés Herguedas)
- Grao en Enxeñaría dos Recursos Enerxéticos e Mineiros: Santiago Domínguez Blanco
- Máster en Enxeñaría de Minas: Juan Jesús Rico Fuentes

Persoas egresadas:

- Grao en Enxeñaría da Enerxía: Juan Jesús Rico Fuentes
- Grao en Enxeñaría dos Recursos Enerxéticos e Mineiros: Carlos Llovo Vidal
- Máster en Enxeñaría de Minas: Raquel Pérez Orozco

Empregadores: (os mesmos nas tres comisións)

- Diego López, representante da Cámara Oficial de Minería de Galicia
- Roberto González Philipon (NATURGY)
- David de Vicente (AIMEN) – pendente de confirmación

PAS:

- María del Carmen Romo

Pedro Arias indica que podería ser interesante incluír nas comisións algún representante da Xunta ou do INEGA, entre outras cousas para tentar solucionar o problema de que aos titulados do Grao en Enxeñaría da Enerxía non os recoñecen para as auditorías enerxéticas a diferenza do resto dos enxeñeiros. A Directora aclara que a Dirección xa enviou un escrito ao INEGA para tentar solucionar ese problema, tanto para ese tipo de instalacións como para as de gas, pero que lle parece unha boa idea. Propón engadir as comisións a

- Zeltia Lado Lago, Xerente do INEGA ou persoa na que delegue.

Apróbase a proposta completa por asentimento.

4. Rogos e preguntas.

Non hai intervencións.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 15 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, a dez de xuño de dous mil dezanove.

Vº e Prace

A Directora

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria da Comisión Permanente do 10/06/2019

ANEXO II

Asistentes á Comisión Permanente do 10/06/2019

Asistentes á Comisión Permanente do 10 de xuño de 2019
Presidenta da Comisión
Elena Alonso Prieto
Secretario da Comisión
Guillermo García Lomba
Subdirector/a
María Araújo Fernández
Profesorado
Pedro Arias Sánchez
Fernando García Bastante
Alfonso Mandado Vázquez
Carmen Pérez Pérez
Pablo Eguía Oller
Teresa Rivas Brea
ESTUDANTES
Laura Andrés Herguedas
Daniel Pernas Rodríguez
PAS
M ^a Carmen Romo Pérez

ANEXO III

**Tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados para a súa defensa nesta
vindeira convocatoria**